

**UNIVERSIDADE DE VIGO  
EDIFICIO FERRO**



**PLAN ANUAL DA ACTUACIÓN PREVENTIVA  
- Plan de Medidas Correctoras (PMC)**

## INDICE DE CONTIDO

1. ANTECEDENTES

2. OBJETIVO

3. METODOLOGÍA

4. RESULTADOS

ANEXO I. PLAN DE MEDIDAS CORRECTORAS (PMC)

## 1. ANTECEDENTES

O presente informe sobre a Plan Anual da Actuación Preventiva, redáctase para o centro de traballo da UNIVERSIDADE DE VIGO situado en Campus Universitario Ás Lagoas Ourense, 36204 (Pontevedra), como consecuencia da obriga que lle esixe a Lei 31/1995 do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

A empresa contratou os servizos de prevención con UNIPRESALUD, os cales están referenciados no contrato N° 1078851, establecido para tal fin.

## 2. OBJETIVO

O obxectivo do presente informe é propoñer á empresa UNIVERSIDADE DE VIGO a planificación da implantación de medidas correctoras que deben desenvolverse no período que se fixa máis adiante. Todo iso coa finalidade de que a empresa poida desenvolver un labor preventivo eficaz, así como cumprir cos deberes e obrigas esixibles en materia de seguridade e saúde.

Este informe realízase de acordo co establecido no Capítulo III, artigos 8 e 9, do Regulamento dos Servizos de Prevención (R.D. 39/1997) e aos principios establecidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais, sendo sempre responsabilidade da empresa o desenvolvemento daquelas actividades de prevención que garantan un maior nivel de protección da seguridade e saúde dos traballadores e particularmente as recomendadas a raíz do presente informe.

## 3. METODOLOGÍA

### 3.1. Alcance e contido

No presente informe realízase unha proposta de Plan de Medidas Correctoras (PMC), no que se recollen as medidas propostas no informe de avaliación de riscos de referencia Ref.SPA.SR50200.03.11.2014.jariasca.1078851-002. Estas medidas deben ser implantadas pola empresa, atendendo con preferencia aquelas que fosen cualificadas como "Críticas".

As actuacións a realizar por UNIPRESALUD, que fosen contratadas realizaranse nas datas propostas no presente informe, salvo acordo posterior entre ambas as dúas partes ou cando no prazo de 15 días a partir da recepción do presente informe, a empresa comunique a súa desconformidade a UNIPRESALUD

Aquelas actividades que fosen contratadas con UNIPRESALUD, xa aparecen planificadas no presente informe. Para o resto, corresponde ao empresario a asignación de *Responsables, Recursos e medios e Datas previstas de execución*.

A priorización das medidas a adoptar en función da clasificación dos riscos queda definida do seguinte xeito:

CLASIFICACIÓN DO RISCO	OBSERVACIÓNS
<b>Irrelevante</b>	Non require establecer medida algunha.
<b>Moi Baixo</b>	Non require establecer medidas cos controis existentes
<b>Baixo</b> Prioridade: BAIXA	Establecer controis e poñer en práctica solucións sinxelas.
<b>Medio</b> Prioridade: MEDIA	Verificar periodicamente a eficacia das medidas de control. Mellorar a acción preventiva a medio prazo. Cando as consecuencias sexan moi graves ou mortais o prazo debe reducirse e se procede, realizar unha avaliación específica para establecer con maior precisión a información necesaria para a adopción de medidas.
<b>Alto</b> Prioridade: MEDIA-ALTA	Débense implantar medidas para reducir o risco a curto prazo. Cando as consecuencias sexan moi graves ou mortais o prazo debe reducirse e se procede, realizar unha avaliación específica para establecer con maior precisión a información necesaria para a adopción de medidas.
<b>Moi alto</b> Prioridade: ALTA	Se o traballo se realiza habitualmente, deben adoptarse medidas provisionais inmediatas e medidas definitivas para a redución do risco a moi curto prazo. Se o traballo non se realiza habitualmente, non debe iniciarse ata que se reduza o risco. Avaliar despois de adopción de medidas
<b>Extremadamente alto</b> Prioridade: ACTUACIÓN INMEDIATA	Non debe comezar ou continuar o traballo ata que se reduza o risco. Si non é posible reducir o risco, debe prohibirse o traballo. Require avaliar de novo, unha vez corrixido

No caso dos riscos psicosociais, debido a que só existen 5 niveis de clasificación do risco, a orde de prioridade das accións de mellora seguirá os criterios da táboa seguinte:

CLASIFICACIÓN DO RISCO	OBSERVACIÓNS
<u>Moi baixo (1)</u>	Non require establecer medidas cos controis existentes.
<u>Baixo (2)</u> Prioridade: BAIXA	Establecer controis e/ou poñer en práctica solucións sinxelas.
<u>Medio (3)</u> Prioridade: MEDIA	Verificar periodicamente a eficacia de medidas de control. Considerar a introdución dalgunhas melloras, na medida do posible. Mellorar a acción preventiva a medio prazo.
<u>Alto (4)</u> Prioridade: ALTA	É necesario introducir, de forma prioritaria, algunhas melloras no posto xa que o traballo se desenvolve en condicións de risco para o benestar e a saúde físico-psicolóxica do individuo.
<u>Moi Alto (5)</u> Prioridade: MOI ALTA ACTUACIÓN INMEDIATA	Hai que adoptar medidas provisionais inmediatas e/ou efectuar unha intervención urxente destinada a diminuír o nivel de risco detectado no posto de traballo. É conveniente valorar a realización dun estudo profundo en Psicosocioloxía para diagnosticar de forma exhaustiva os riscos e/ou propoñer as medidas máis axeitadas para a redución do risco.

As accións de mellora con prioridade de actuación deberán ser planificadas, sendo críticas aquelas que tendan a reducir un risco clasificado como "Moi Alto (5)".

### 3.2. FONTES DE INFORMACIÓN

A Planificación da Actuación Preventiva realízase baseándose nas necesidades detectadas na análise previa da Organización Preventiva da Empresa e nos resultados obtidos da Avaliación de Riscos, tendo en conta sempre, os principios de actuación preventiva esixibles na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

### 3.3. NORMATIVA aplicada


A Normativa de aplicación xeral para os efectos do alcance e contido do presente informe é:

- Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 39/1997, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Lei 54/2003, de Reforma do Marco normativo da Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 171/2004, polo que se desenvolve o artigo 24 da Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Resolución do 22 de decembro de 1998, da Secretaría de Estado da Seguridade Social, pola que se regula o réxime de funcionamento das Mutuas de A.T.E.P.S.S., no desenvolvemento de actividades de prevención de riscos laborais.

## 4. RESULTADOS

No Anexo I recóllese a táboa coa proposta de Plan de Medidas Correctoras que a empresa deberá concretar nos apartados non cumpridos.

UNIPRESALUD desexa facer constar á Dirección, Mandos e Traballadores da empresa UNIVERSIDADE DE VIGO su agradecemento pola colaboración dispensada para a realización deste informe, e queda á súa disposición para aclarar os puntos que se consideren oportunos.



Fdo: Javier Arias Castro  
Técnico de Prevención  
Servizo de Prevención Alleo  
UNIPRESALUD

4/11/2014

## **ANEXO I. PLAN DE MEDIDAS CORRECTORAS (PMC)**

PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: EDIFICIO

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Alto Propagación de incendios por medidas insuficientes	O sector de maior superficie do edificio, correspondente ás plantas, ten unha área total de 8.635 m2.	Sectorizar a zona das plantas, sen superar o límite de 4000 m2 fixado para os edificios de uso docente.				
	O sistema de detección de incendios non se atopa operativo. O sistema de detectores térmicos está desconectado, posto que se activan constantemente os detectores e salta a alarma.	Modificar a instalación dos detectores térmicos. Activar o sistema de detección de incendios.				
	A escaleira principal do edificio non é unha escaleira protexida.	Sectorizar a escaleira central do edificio para asegurar a compartimentación da mesma do resto do edificio mediante elementos separadores EI 90, ou no seu defecto instalar unha escaleira exterior de incendios.				
Alto Propagación de incendios por medidas insuficientes	INSTALACIÓNS. PLANTA SOTO A Sala do Cadro Xeral de Baixa Tensión, non cumpre as características regulamentarias en canto á sectorización dos locais e zonas de risco especial.	Sectorizar a sala do Cadro Xeral de Baixa Tensión, segundo as esixencias do CTE DB SE.				
	INSTALACIÓNS. PLANTA SOTO A zona onde está situado o grupo electrógeno, non cumpre as características regulamentarias en canto á sectorización dos locais e zonas de risco especial.	Situar o grupo electrógeno nunha sala sectorizada, segundo as esixencias do CTE DB SE.				
Alto Evacuación dificultosa en caso de incendio	As saídas do edificio que presentan defectos regulamentarios con respecto á capacidade de evacuación do edificio.	Habilitar unha escaleira de emerxencia que comunique todas as plantas do edificio ata a súa saída.				
	Non se dispón de iluminación de emerxencia nos aseos, corredores do soto, laboratorio, seminarios, secretaría de alumnos, vicerreitoría, aulas, ...	Revisar a instalación de iluminación de emerxencia e instalar luminarias de emerxencia en todos os lugares que un fallo da iluminación normal poida producir un risco para a seguridade dos traballadores.				
	Non se dispón de sinalización das saídas e percorridos de evacuación en todo o edificio, agás na zona nova.	Sinalizar as saídas habituais, así como tamén as utilizables en caso de emerxencia. Os sinais disporanse de forma coherente, para que sexan doadamente visibles. Utilizaranse rótulos de "SAIDA" para indicar a saída de uso habitual e "SAIDA DE EMERXENCIA" para indicar unha que estea prevista para este fin.				





PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: EDIFICIO


Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
<p>Alto Caídas de persoas a distinto nivel</p> 	<p>As escaleiras principais teñen un ancho de 2 m e non dispoñen de pasamáns no lado pechado.</p>	<p>Colocar pasamáns a unha altura de 90 cm no lado pechado das escaleiras.</p>				
<p>Medio Propagación de incendios por medidas insuficientes</p>	<p>Algúns extintores de Po ABC, ten unha capacidade de extinción menor de 21 A.</p>	<p>Substituír os extintores con eficacia menor de 21 A.</p>				
<p>Medio Propagación de incendios por medidas insuficientes</p> 	<p>Extintores e Bocas de Incendio Equipadas BIE 'S, obstaculizados pola colocación de cadeiras nos corredores das plantas.</p>	<p>Retirar as cadeiras que dificultan o acceso aos extintores e BIE's das plantas.</p> <p>Recoméndase marcar o chan, onde están os extintores e BIE's, para evitar que se almacenen materiais que limiten o seu acceso.</p>				

PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: EDIFICIO



Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caída de obxectos por caída ou derruba	Estantes sen arristrar, no almacén de limpeza, laboratorio de historia da arte, seminario da paz, plástica, ...	Os estantes fixos han de ser montadas respectando os criterios e limitacións establecidos polo fabricante, estar debidamente apoiadas e niveladas no chan e fixadas ou arristradas para evitar o xiro.				
Medio Contactos eléctricos	Os cadros eléctricos das plantas están abertos.	Manter os cadros eléctricos pechados.				
	Non se dispón de interruptores para apagar e acender as luces das zonas comúns das plantas. Débese facer accionando directamente a aparementa dos cadros eléctricos.	Instalar interruptores de luz nas zonas comúns das plantas.				
	Non se dispón de sinalización do risco nos cadros eléctricos do edificio.	Colocar sinalización de "Risco eléctrico" nas tapas dos cadros eléctricos do edificio.				
	Medio Atrapamiento por ou entre obxectos	Non se dispón dun listado das máquinas e equipos de traballo.	Realizar un inventario das máquinas e equipos de traballos dispoñibles no centro (conserxaría, taller, sala de máquinas, etc..) Indicar a data de compra, existencia de manual de instrucións, marcado CE, declaración de conformidade e revisións efectuadas. Para as máquinas "novas" (Posteriores ao ano 1995) comprobar que dispoñen do marcado CE, a declaración de conformidade e o manual de instrucións en castelán. Adecuar as máquinas antigas (anteriores ao ano 1995) ás disposicións mínimas de seguridade e saúde indicadas no RD 1215/97.			

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: EDIFICIO


Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
<p>Baixo Ambiente con iluminación insuficiente</p> 	<p>Algunhas das luminarias dos corredores están fundidas.</p>	<p>Substituír as luminarias dos corredores que están fundidas.</p>				
<p>Baixo Caída de obxectos desprendidos</p> 	<p>As varandas dos descansos da escaleira principal, non dispoñen de rodapé.</p>	<p>Colocar rodapiés, de 15 cm de altura, nas varandas dos descansos da escaleira principal.</p>				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: EDIFICIO

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
<p>Baixo Pisadas sobre obxectos</p> 	<p>As reixas de ventilación do chan en todo o edificio, están sucias e cunha deficiente colocación.</p>	<p>Limpar e recolocar as reixas de ventilación situadas no chan do edificio.</p>				

PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 1ª


Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caídas de persoas ao mesmo nivel	Presenza de cableado eléctrico debaixo das mesas, na zona para os membros inferiores dos traballadores.	Recoller os cables eléctricos dos diversos equipos e colocar fóra do alcance dos membros inferiores dos traballadores.				
Baixo Condições ambientais desfavorables	AULAS E DESPACHOS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm <sup>3</sup> /s por persoa. Dispoñer nos despachos dun sistema de renovación do aire, como mínimo de 30 metros cúbicos de aire limpo por hora e traballador.				
Baixo Ambiente con iluminación insuficiente	AULAS. Nas aulas o nivel de iluminación está entre 200 e 300 lux. Conseguida con fluorescentes de montaxe simple e lámpadas de baixo consumo.	Aumentar a iluminación xeral das aulas, para obter un nivel de iluminación de polo menos 500 lux.				
	DESPACHOS E SALAS DE REUNIÓN. Nos despachos e salas de reunión, o nivel de iluminación está entre 300 e 400 lux.	Aumentar a iluminación xeral dos despachos e salas, para obter un nivel de iluminación nos postos de traballo de polo menos 500 lux. Como medida provisional mentres non se dispón dos niveis suficientes de iluminación xeral, dotar os usuarios dos postos de lámpadas de mesa.				
	SECRETARÍA DE ALUMNOS. Nos postos de traballo con pantallas de visualización, o nivel de iluminación está entre 300 e 450 lux.	Aumentar a iluminación xeral dos despachos e salas, para obter un nivel de iluminación nos postos de traballo de polo menos 500 lux. Como medida provisional mentres non se dispón dos niveis suficientes de iluminación xeral, dotar os usuarios dos postos de lámpadas de mesa. Sobre todo os que están lonxe das ventás.				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 2ª.


Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caída de obxectos por caída ou derruba 	XEOGRAFÍA. Almacenamento desordenado de materiais.	Retirar os materiais que non serven e ordenar o resto.				
Medio Contactos eléctricos	LABORATORIOS. Presenza de cableado eléctrico debaixo das mesas, na zona para os membros inferiores dos traballadores.	Recoller os cables eléctricos dos diversos equipos e colocar fóra do alcance dos membros inferiores dos traballadores.				
Baixo Condicións ambientais desfavorables	AULAS E LABORATORIOS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm <sup>3</sup> /s por persoa.				
Baixo Ambiente con iluminación insuficiente	AULAS. Nas aulas o nivel de iluminación está entre 150 e 250 lux. Conseguida con fluorescentes de montaxe simple e lámpadas de baixo consumo.	Aumentar a iluminación xeral das aulas, para obter un nivel de iluminación de polo menos 500 lux.				

PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 2ª. ARQUEOLOXÍA




Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Alto Incendios	Almacenamento de produtos químicos en moble estándar. Acetona, xileno, tolueno, alcohol, ...	Para o almacenamento de inflamables debe dispoñerse dun armario protexido como mínimo RF-15.				
Medio Exposición aguda substancias químicas		O almacén de produtos químicos disporá de ventilación, natural ou forzada, para evitar que se superen as concentracións máximas admisibles nas condicións normais de traballo. A ventilación canalizarase a un lugar seguro do exterior mediante condutos exclusivos para tal fin. Cando se empregue ventilación forzada, esta disporá dun sistema de alarma en caso de avaría.				
		Dispoñer de armarios especificamente preparados para o almacenamento de produtos tóxicos, perigosos para o medio ou os vapores do cal poidan presentar algún tipo de riscos para a saúde ou sexan pestilentos. Con dispositivo destinado a evitar a saída de vapores ao laboratorio.				
		Elaborar un listado dos produtos químicos dispoñibles no laboratorio.				
		Dispoñer das fichas de seguridade dos produtos químicos (ou follas resumo) nos lugares de almacenamento e utilización.				
Alto Contacto substancias cáusticas ou corrosivas	Non se dispón de lavaollos, nin ducha de seguridade nas proximidades do laboratorio.	Dispoñer de lavaollos e/ou ducha de seguridade nas proximidades do laboratorio.				
Alto Exposición a Contaminantes Químicos	Trabállase con produtos perigosos (acetona, xileno, tolueno,...) e non se dispón de vitrina de extracción de gases no laboratorio.	Instalar unha vitrina de gases no laboratorio axeitada aos produtos que se manipulan e ás operacións que no lévansen a cabo.				
Alto Condições ambientais desfavorables	Non se dispón de sistema de ventilación e renovación de aire no laboratorio.	Instalar un sistema de renovación de aire no laboratorio de polo menos 50 metros cúbicos de aire limpo por hora e traballador, ou ata 30 renovacións por hora, co fin de evitar o ambiente viciado e os olores desagradables.				
		O aire do laboratorio non debe volver circular neste, salvo que se conte cun tratamento previo a fondo.				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 2ª. ARQUEOLOXÍA

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
<p>Medio Caída de obxectos por caída ou derruba</p> 	Almacenamento desordenado de materiais no laboratorio	Retirar os materiais que non serven e ordenar o laboratorio.				
<p>Medio Contactos eléctricos</p>	<p>Presenza de cableado eléctrico debaixo das mesas, na zona para os membros inferiores dos traballadores.</p> 	<p>Recoller os cables eléctricos dos diversos equipos e colocar fóra do alcance dos membros inferiores dos traballadores.</p> <p>Se é necesario dispoñer de máis tomas de corrente para os equipos utilizados no laboratorio.</p>				
<p>Medio Golpes / cortes por obxecto ou ferramenta</p> 	Presenza de bisturís, cutters e ferramentas manuais enriba das mesas.	Dispoñer de paneis ou caixóns para o almacenamento ordenado das ferramentas manuais, sobre todo as de corte.				



PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 3ª

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Baixo Condicións ambientais desfavorables	AULAS E LABORATORIOS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm <sup>3</sup> /s por persoa.				
Baixo Ambiente con iluminación insuficiente	AULAS. Nas aulas o nivel de iluminación está entre 170 e 250 lux. Conseguida con fluorescentes de montaxe simple e lámpadas de baixo consumo.	Aumentar a iluminación xeral das aulas, para obter un nivel de iluminación de polo menos 500 lux.				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA 4ª


Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caídas de persoas ao mesmo nivel	Presenza de cableado eléctrico debaixo das mesas, na zona para os membros inferiores dos traballadores.	Recoller os cables eléctricos dos diversos equipos e colocar fóra do alcance dos membros inferiores dos traballadores.				
Baixo Condições ambientais desfavorables	AULAS E DESPACHOS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm <sup>3</sup> /s por persoa.				
		Dispoñer nos despachos dun sistema de renovación do aire, como mínimo de 30 metros cúbicos de aire limpo por hora e traballador.				
Baixo Ambiente con iluminación insuficiente	AULAS. Nas aulas o nivel de iluminación está entre 200 e 350 lux.	Aumentar a iluminación xeral das aulas, para obter un nivel de iluminación de polo menos 500 lux.				
		DESPACHOS E SALAS DE REUNIÓN. Nos despachos e salas de reunión, o nivel de iluminación está entre 300 e 400 lux.	Aumentar a iluminación xeral dos despachos e salas, para obter un nivel de iluminación nos postos de traballo de polo menos 500 lux.			
		Como medida provisional mentres non se dispón dos niveis suficientes de iluminación xeral, dotar os usuarios dos postos de lámpadas de mesa.				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA BAIXA

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caídas de persoas a distinto nivel 	AULAS. As tarimas das aulas teñen acceso difícil, pouco espazo para o relator e non se distingue claramente o final.	<p>Modificar os accesos ás tarimas para dispoñer dunhas escaleiras de acceso de polo menos 80 cm de ancho, con todos os chanzos das mesmas dimensións de pegada e contrapegada.</p> <p>Sinalizar o bordo da tarima, con fita amarela e negra.</p> <p>Modificar a tarima ou cambiar o mobiliario, para que o docente dispoña de 80 cm libres, entre a mesa e a parede, para a colocación da cadeira.</p> <p>Retirar os soportes dos equipos informáticos das escaleiras de acceso á tarima.</p>				
Baixo Condições ambientais desfavorables	AULAS E DESPACHOS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	<p>Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm<sup>3</sup>/s por persoa.</p> <p>Dispoñer nos despachos dun sistema de renovación do aire, como mínimo de 30 metros cúbicos de aire limpo por hora e traballador.</p>				

PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA CUBERTA



Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Alto Propagación de incendios por medidas insuficientes	As salas da maquinaria dos ascensores, non cumpren as características regulamentarias en canto á sectorización dos locais e zonas de risco especial.	Instalar portas resistentes ao lume en cada unha das salas de máquinas dos ascensores cunha resistencia de EI245-C5 como mínimo.				
Medio Golpes contra obxectos inmóviles	Nas zonas de paso da cuberta, hai diversos condutos e elementos construtivos a menos de 2 metros de altura.	Colocar sinalización do risco de golpe na cabeza coas instalacións na cuberta.				
Medio Caídas de persoas ao mesmo nivel	As portas de acceso á planta abren directamente sobre un chanzo.	As portas de acceso ás escaleiras non se abrirán directamente sobre os seus chanzos senón sobre descansos de anchura polo menos igual á daqueles. (RD 486/97)				

**PLAN DE MEDIDAS DE CONTROL**

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Centro: EDIFICIO FERRO

Data: 4/11/2014

LUGAR: PLANTA SOTO

Valoración/Risco	Condición Anómala Detectada	Medida Correctora Proposta	Responsable	Recursos	Data Inicio Prev/Real	Data Fin Prev/Real
Medio Caída de obxectos ou materiais almacenados	ALMACÉN – TALLER DE CONSERXARÍA. Almacenamento de material desordenado.	Retirar os materiais obsoletos ou que non serven do taller de conserxaría e ordenar os materiais útiles.				
		Dispoñer de estantes no Taller para facilitar o almacenamento ordenado dos materiais.				
	CORREDOR A ZONA DE INSTALACIÓNS. Almacenamento de material desordenado.	Retirar os materiais obsoletos ou que non serven do corredor e ordenar os materiais útiles.				
		Definir zona para o almacenamento de materiais, que non obstaculice a circulación polos corredores.  Dispoñer de estantes para facilitar o almacenamento ordenado dos materiais.				
Baixo Condições ambientais desfavorables	AULAS E SALAS. Non se dispón de sistemas ventilación e renovación de aire.	Instalar un sistema de renovación e ventilación de aire, que permita alcanzar o mínimo de calidade indicado no RITE para as aulas de ensino, 12,5 dm <sup>3</sup> /s por persoa.				
Baixo Golpes contra obxectos inmóviles	ORI. A porta e os tabiques da sala, son acristalados e están situados a lado do corredor.	Sinalizar claramente, á altura da vista, os tabiques acristalados situados na proximidade dos postos de traballo e vías de circulación, para impedir que os traballadores poidan golpearse con estes ou lesionarse en caso de rotura.				